

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.2. Réxime e goberno interior

7.2.1. Normas de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de maio de 2006, polo que se aproban as Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria.

Exposición de motivos

O artigo 23 da Constitución consagra o dereito dos titulares de cargos representativos a exercerlos en condicións de igualdade e plenitude, se ben este dereito, segundo ten sinalado o Tribunal Constitucional, delimitase a través da súa configuración legal, no noso caso regulamentaria.

O dereito a presentar iniciativas por parte dos deputados e deputadas e grupos parlamentarios preséntase así como unha facultade susceptible de tutela constitucional e que debe ser respectada co máximo coidado por parte dos órganos de goberno do Parlamento.

É neste contexto no que a Mesa da Cámara, oída a Xunta de Portavoces, desexa proceder a regulamentar un aspecto que resultando accesorio ten indubidables efectos sobre o funcionamento da Asemblea parlamentaria. En efecto, os avances tecnolóxicos que posibilitan a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para a tramitación dos expedientes son un factor determinante para o cumprimento do principio de eficacia previsto no artigo 103.1 da Constitución e tamén para a efectivización da seguridade

xurídica que se predica como principio reitor dos poderes públicos no artigo 9.3 do mesmo texto constitucional.

Desde a perspectiva estritamente parlamentaria e en desenvolvemento do disposto no artigo 12.4 do Estatuto de autonomía para Galicia, hai que ter presente que os dereitos de deputados e deputadas (artigo 9.3 do Regulamento) e dos grupos parlamentarios (artigo 28 e concordantes) recibirán un tratamento máis acaído coa informatización total dos procedementos, pois tanto a cada vez máis intensa actividade do noso Parlamento como a súa xa longa e fecunda historia fan cada vez máis dificultoso e inseguro o proceso de procura da imprescindible información que necesitan os operadores parlamentarios para o efectivo cumprimento das súas funcións.

Como consecuencia destas constatacións a Mesa da Cámara vén desenvolvendo unha continuada política de xeneralización do uso das novas tecnoloxías que foi referendada pola publicación dos documentos de seguridade e de prácticas de certificación aprobados pola Mesa e publicados no BOPG núm. 28, do 15 de outubro de 2005, que supoñen os alicerces sobre os que agora disciplinar o uso da sinatura electrónica nun contexto de claridade e seguridade xurídica.

Xa que logo, a Mesa na súa reunión do 8 de maio de 2006 e logo de escoitado o parecer favorable da Xunta de Portavoces,

DISPÓN:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Estas normas teñen por obxecto regular a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas no exercicio das potestades, dereitos, facultades e competencias previstos no Regulamento do Parlamento e asociados ás funcións e á actividade que se desenvolven na Cámara.

2. As técnicas referidas no apartado anterior serán as que aprobe a Mesa da Cámara.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos destas normas enténdese por:

a) Soporte: o obxecto sobre o cal ou no cal é posible gravar e recuperar datos.

b) Medio: o mecanismo, instalación, equipo ou sistema de tratamento da información que permita, utilizando técnicas electrónicas, informáticas ou telemáticas, producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións.

c) Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o recurso a un sistema de tratamento da información.

d) Documento: entidade identificada e estruturada que contén texto, gráficos, sons, imaxes ou calquera outra clase de información que poida ser almacenada, editada e intercambiada entre sistemas de tratamento da información. Particularmente, ten o carácter de documento a estruturación formal das diferentes iniciativas parlamentarias previstas no Regulamento do Parlamento e das decisións dos órganos parlamentarios que afecten as ditas iniciativas.

e) Soporte, medio ou aplicación oficial: só terá tal consideración o aprobado pola Mesa do Parlamento.

f) Presentación de documentos: o acto de introducir no medio de tratamento da información correspondente un documento, con independencia da data na que se asente no Rexistro Xeral logo da apertura oficial deste.

Artigo 3. Garantías na utilización de soportes, medios e aplicacións oficiais electrónicos, informáticos e telemáticos.

Na utilización de soportes, medios e aplicacións oficiais do Parlamento, a súa Mesa adoptará as medidas técnicas e de organización necesarias para asegurar a autenticidade, integridade, dispoñibilidade, conservación e, se é o caso, confidencialidade da información contida nos documentos.

Capítulo II

Presentación de documentos

Artigo 4. Medios de presentación de documentos.

A presentación de documentos farase polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos oficiais que sexan aplicables nese momento.

Artigo 5. Efectos da presentación de documentos.

1. A presentación de documentos no Rexistro telemático regulado no capítulo IV destas normas, polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que sexan aplicables, só producirá efectos para determinar o cumprimento dos termos ou dos prazos regulamentarios ou dos que, se é o caso, se establezan, logo da apertura oficial do Rexistro Xeral.

2. A presentación de emendas ao articulado ou parciais no procedemento lexislativo só será válida coa introdución do texto delas na aplicación do Parlamento de Galicia Teco ou, se é o caso, na que a complementa ou substitúa.

Artigo 6. Recibos da presentación de documentos.

Os recibos acreditativos da presentación de documentos no Rexistro telemático polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que sexan aplicables expediranse de acordo coas características do soporte, medio ou aplicación oficial e conterán as mencións necesarias para a súa identificación.

Capítulo III

Comunicacións

Artigo 7. Comunicacións.

As comunicacións das decisións dos órganos competentes verbo dos documentos que se presenten faranse en todo caso polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que sexan aplicables nese momento.

Capítulo IV

Rexistro telemático

Artigo 8. Localización do Rexistro telemático.

O Rexistro telemático está instalado no Rexistro Xeral da Cámara.

Artigo 9. Funcións do Rexistro telemático.

Ao Rexistro telemático correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A recepción de documentos e a remisión de comunicacións.

b) A anotación dos correspondentes asentos de entrada e saída.

Artigo 10. Presentación de documentos no Rexistro telemático.

1. A presentación de documentos no Rexistro telemático poderá facerse durante as 24 horas de todos os días do ano.

2. O Rexistro telemático réxese pola data e a hora oficial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os requisitos que deben cumprirse para presentar documentos no Rexistro telemático regúlanse no manual operativo ao que se refire a disposición adicional segunda destas normas.

4. Os documentos recibidos en horario distinto a aquel en que o Rexistro Xeral está aberto ao público serán os primeiros en ser obxecto de asento tras a inmediata posterior apertura del. Estes asentos faranse por estrita orde de presentación calquera que fose a hora en que esta se efectuou. A data e a hora do asento serán as que se computen para os efectos dos prazos que regulamentariamente procedan.

Disposición adicional primeira. Natureza xurídica destas normas.

Estas normas teñen o carácter de disposición parlamentaria e non administrativa. En consecuencia, todos os actos que diten os órganos parlamentarios competentes na súa aplicación terán natureza parlamentaria.

Disposición adicional segunda. Manual operativo.

As instrucións sobre o emprego dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos oficiais, para os efectos establecidos nestas normas, establécense nun manual operativo que

elabora e adapta o Servizo de Tecnoloxías da Información da Administración do Parlamento de Galicia.

Disposición adicional terceira. Medios subsidiarios de presentación de documentos.

No caso de que por razóns técnicas non sexa posible a utilización dos medios establecidos neste acordo, a presentación de documentos no Rexistro do Parlamento producirase por calquera outro medio dixital dos proporcionados pola Administración parlamentaria, sen que en ningún caso poida limitarse o dereito de presentación de iniciativas ou documentos de carácter xeral.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio aplicable á presentación de documentos en soporte papel.

A partir do 1 de setembro de 2006, os documentos de iniciativas parlamentarias e as decisións dos órganos parlamentarios que as afecten faranse de xeito exclusivo polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos operativos nesa data.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2006

María Tereiza Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a